



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Roca Pardiñas, Javier  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Seoane Posse, Elena Celsa

### PDI-A:

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
Costas González Xosé Henrique  
García Fontán Soledad  
García-Pintos Escuder Adela  
González Santamaría Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Rivo López Elena

### PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Alfonso Carbó, Pedro  
Blanco García, Adrián  
Diéguez Rodríguez, José Miguel  
González Varela, Luis

### PAS:

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Cuiñas Gómez, Íñigo  
Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Prieto, Marta  
García Señorán, María del Mar  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Pérez Cota Manuel  
Pillado González, Esther  
Pino García, Antonio  
Pou Saracho Juan María  
Vallejo Pousada Rafael

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 18 de xaneiro de 2016, convocada para as 11:30 h en primeira convocatoria e ás 12:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **18 de xaneiro de 2016** ás 12:00 h deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

O reitor, tras dar lectura aos nomes das persoas que escusan a súa presenza, comenta que se convocou este Consello de Goberno para a aprobación dos premios extraordinarios que serán entregados na próxima celebración do día do Sto. Tomé. Cede a palabra á secretaria xeral, quen coa axuda dunha presentación informática pasa a presentar a proposta dos premios extraordinarios.

A secretaria xeral explica que o artigo 133 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de graduado ou graduada e máster universitario. Tamén dispón que o Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación.

Do mesmo xeito, segundo o Regulamento dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, poderá outorgar, a proposta dos centros, dous premios extraordinarios por cada titulación e curso académico (un premio se o número de alumnos de entrada na titulación é inferior a 200).

De acordo co anterior, prosegue a secretaria xeral, sométense á aprobación do Consello de Goberno as propostas de premios extraordinarios de grao e fin de carreira realizados polos distintos centros, así como os premios extraordinarios de doutoramento realizados pola Comisión de Estudos de Posgrao correspondentes ao curso académico 2014/2015, que se achegan como anexo a este acta (**Anexo I**).

Incide o reitor no feito de que non existe ningún aspecto que deba ser salientado de xeito especial, e que todas as propostas compren os requirimentos normativos, polo que se solicita a aprobación das propostas presentadas.

Ao non haber ningún comentario por parte dos membros presentes, apróbase a proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento por unanimidade.

O reitor dá por finalizada a sesión lembrando aos presentes que o acto de entrega dos premios terá lugar o día 28 de xaneiro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 h do día 18 de xaneiro de 2019, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

A circular stamp of the University of Vigo (UNIVERSIDADE DE VIGO) is visible. The stamp contains the text "UNIVERSIDADE DE VIGO" at the top, "REITOR" at the bottom, and "1969" on the right side. The center of the stamp features a stylized emblem. A purple ink signature is written over the stamp.

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

A circular stamp of the University of Vigo (UNIVERSIDADE DE VIGO) is visible. The stamp contains the text "UNIVERSIDADE DE VIGO" at the top, "SECRETARIA XERAL" at the bottom, and "1969" on the right side. The center of the stamp features a stylized emblem. A purple ink signature is written over the stamp.

Gloria M. Pena Uris